



BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA PRESENTACIÓN DE MANIFESTACIÓNS DE INTERESE DOS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS A EFECTOS DA SELECCIÓN E APROBACIÓN DE OPERACIÓNS COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI) DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Obxecto

Por resolución da Secretaría de Estado de Presupostos e Gastos, do Ministerio de Facenda e Función Pública de 12 de decembro de 2016, aprobábase con carácter definitivo o cofinanciamento por parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Estratexia de Desenvolvemento Urbano, Sostible e Integrado (EDUSI) de Santiago de Compostela no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) no eixo número 12 (Eixo Urbano).

En dita resolución, atribúese ao Concello de Santiago o papel de Organismo Intermedio Lixeiro, a efectos de proceder á selección das diferentes operacións subvencionables, regulándose este aspecto no Manual de Procedementos como Organismo Intermedio Lixeiro, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local.

En dito Manual de Procedementos establécese no punto 2.6.2. que as condicións xerais para que os diferentes departamentos municipais poidan acollerse ao financiamento da EDUSI serán establecidas nunhas Bases Reguladoras.

É, polo tanto, obxecto destas Bases Reguladoras, definir aspectos como os beneficiarios, criterios de selección, procedementos de presentación de solicitudes, prazos, etc., relacionados coas Manifestacións de Interese expresadas polos departamentos municipais a efectos de seren os responsables da execución de operacións cofinanciadas polo FEDER dentro da EDUSI de Santiago de Compostela.

2. Beneficiarios

Se ben o beneficiario final da axuda do FEDER como tal é o Concello de Santiago de Compostela, entenderase como beneficiarios ou unidades executoras a efectos da manifestación de expresións de interese, os diferentes servizos ou departamentos municipais.

3. Operacións subvencionables

Enténdese por operación toda actuación concreta, acoutada no espazo e no tempo e medible.



Serán subvencionables aquelas operacións que cumpran os criterios de selección que se establezan nas presentes bases para cada Liña de Actuación.

4. Liñas de Actuación

As Liñas de Actuación son un conxunto de operacións que pola afinidade comparten uns obxectivos e criterios de selección comúns.

As Liñas de Actuación da EDUSI de Santiago son as seguintes:

LA1 Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos

Obxectivo Temático: OT9

Prioridade de Inversión: 9B

Obxectivo Específico: 090B2

Descrición

Actuacións de rexeneración económica e social do entorno urbano e rural mediante a rehabilitación do tecido produtivo e comercial en especial en barrios e/ou colectivos desfavorecidos e tamén en aqueles inmersos nun proceso de deterioro.

LA2 Revitalización do espazo público das comunidades desfavorecidas

Obxectivo Temático: OT9

Prioridade de Inversión: 9B

Obxectivo Específico: 090B2

Descrición

Actuacións de rexeneración económica, física e social do entorno urbano e rural, mediante a revitalización do espazo público, en especial en barrios e/ou comunidades desfavorecidas e tamén en aqueles inmersos nun proceso de deterioro.

LA3 Actuacións en vivendas en barrios desfavorecidos

Obxectivo Temático: OT9

Prioridade de Inversión: 9B

Obxectivo Específico: 090B2

Descrición

Actuacións de rexeneración económica, física e social do entorno urbano e rural, mediante a rehabilitación de vivendas, en especial en barrios desfavorecidos e tamén en aqueles inmersos nun proceso de deterioro.

LA4 TIC para a mellora da calidade de vida

Obxectivo Temático: OT2



Prioridade de Inversión: 2C

Obxectivo Específico: 020C3

Descrición

Propónse marcar un punto de inflexión na maneira de xestionar os servizos públicos e de poñelos a disposición dos cidadáns. Isto pasa non só pola posta en marcha dunha maneira innovadora de xestionar servizos, onde búscase a eficacia no seu uso e unha prestación baseada en indicadores e pagos mediante un sistema que premie a eficiencia enerxética, recollida selectiva, redución na xeración de residuos ou de emisións de carbono, ou unha mobilidade sostible e regulada, se non que tamén no control e monitorización que permita definir e supervisar o cumprimento dos contratos e a súa visibilidade tanto para os xestores públicos como para o cidadán.

LA5 Recuperación do espazo público urbano e mellora do entorno

Obxectivo Temático: OT6

Prioridade de Inversión: 6E

Obxectivo Específico: 060E2

Descrición

Actuacións dirixidas a rehabilitar e revitalizar a cidade mellorando o entorno urbano e o seu medio ambiente.

LA6 Fomento da mobilidade urbana sostible

Obxectivo Temático: OT4

Prioridade de Inversión: 4E

Obxectivo Específico: 040E1

Descrición

Actuacións dirixidas a reducir as emisións de CO2 mediante o fomento da mobilidade urbana sostible (transporte urbano limpo, conexión rural/urbana, transporte ciclista, plans de mobilidade...).

LA7 Recuperación e promoción do Patrimonio Natural

Obxectivo Temático: OT6

Prioridade de Inversión: 6C

Obxectivo Específico: 060C4

Descrición



Actuacións dirixidas a promover a protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural con especial relevancia naquelas con interese turístico.

LA8 Rehabilitación e promoción do Patrimonio Histórico, Arquitectónico e Cultural

Obxectivo Temático: OT6

Prioridade de Inversión: 6C

Obxectivo Específico: 060C4

Descrición

Actuacións dirixidas a promover a protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural con especial relevancia naqueles con interese turístico.

LA9 Desenvolvemento e promoción de activos culturais e naturais orientados ao desenvolvemento do turismo

Obxectivo Temático: OT6

Prioridade de Inversión: 6C

Obxectivo Específico: 060C4

Descrición

Actuacións dirixidas ao fomento do desenvolvemento do patrimonio natural e cultural en particular dirixidos ao desenvolvemento do turismo.

LA10 Mellora da eficiencia enerxética e aumento das enerxías renovables

Obxectivo Temático: OT4

Prioridade de Inversión: 4E

Obxectivo Específico: 040E3

Descrición

Actuacións dirixidas a reducir o consumo enerxético mediante a rehabilitación integral enerxética de edificios, a mellora enerxética do alumeadado público así como o uso de enerxías renovables.

5. Criterios de selección de Operacións

Os criterios para a selección das operacións respectan os principios xerais definidos nos artigos 7 y 8 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumpren a lexislación da Unión Europea e nacional (artigo 6 do citado regulamento). A selección das operacións réxese polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostenibilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.

Os presentes criterios de selección foron aprobados no Comité de Seguimento do Programa Operativo de Crecemento Sostible celebrado o 7 de xuño de 2017.

As operacións deberán cumprir os seguintes criterios de selección comúns para todas as liñas de actuación:

- Contribuír á EDUSI aprobada (dentro das Liñas de Actuación definidas no Plan de Implementación).
- Contribuír a algún dos Obxectivos Temáticos e Específicos declarados como cofinanciáveis no marco da EDUSI (Eixo 12 do POCS, OT 2/4/6/9).
- Abordar os problemas de xeito integrado e mostrar vínculos claros con outras operacións coexistentes.
- Medibles a través dos indicadores de produtividade establecidos ao efecto.
- Contribuír a alcanzar os resultados esperados (indicadores).
- Dispor de capacidade técnica e administrativa adecuada e suficiente para executar a operación proposta e cumprir co DECA.

6. Criterios de Priorización de Operacións

En caso necesario no proceso de selección, aplicaranse os seguintes criterios de priorización para cada liña de actuación.

- As que produzan unha maior intensidade e rapidez no cumprimento dos principios transversais: igualdade entre homes e mulleres, igualdade de oportunidades, mobilidade, medio ambiente e loita contra o cambio climático.
- As de maior viabilidade técnica, económica e temporal da iniciativa proposta co menor nivel de riscos tanto tecnolóxicos como organizativos e de xestión.
- As de maior interese da sociedade civil, do sector privado, así como de outros organismos do sector público diferentes ás entidades locais solicitantes na iniciativa presentada.
- As de maior innovación, en relación a outras propostas levadas con anterioridade por parte do beneficiario.



- As propostas mais maduras e que aseguren a súa execución nos termos previstos e no tempo establecido.
- As que mellor permitan chegar a un maior número de cidadáns, e que polo tanto redunden nun maior impacto na consecución dos obxectivos.

Os presentes criterios de priorización foron aprobados no Comité de Seguimento do Programa Operativo de Crecemento Sostible celebrado o 7 de xuño de 2017.

7. Procedemento para a presentación das manifestacións de interese

Elaboración das expresións de interese

A/s Unidade/s Executora/s confeccionarán as expresións de interese co asesoramento que fose necesario da Oficina de Coordinación. Realizaranse mediante o formulario normalizado que figura como ANEXO I ás presentes bases e conterán a totalidade da información e datos necesarias que permitan á Oficina de Coordinación da EDUSI avaliar a proposta e emitir se procede o Informe de Conformidade (IC) e o Documento onde se Establecen as Condicións da Axuda (DECA).

Presentación das expresións de interese

Unha vez confeccionadas, deberán remitirse á Oficina de Coordinación, onde se lles dará o correspondente rexistro interno de entrada.

8. Procedemento para a selección e aprobación de operacións

Avaliación das Expresións de Interese

Unha vez recibida unha manifestación de interese por parte da/s unidade/s executora/s, a Oficina de Coordinación realizara o seguinte proceso:

- Avaliar a aplicación dos Criterios de Selección de Programa Operativo aprobados polo Comité de Seguimento do Programa.
- Asegurar que a operación entra dentro dos ámbitos do FEDER e determinar a qué categoría de intervención se asigna a operación.
- Asegurar que a unidade executora manifestante da expresión de interese conta coa capacidade técnica e administrativa para executar a operación proposta e cumprir o DECA.
- Comprobar, no caso de que a operación fora iniciada antes da súa selección, que se está a cumprir coa normativa concorrente na execución da mesma, así como que dita operación non estea finalizada antes da súa aprobación.

Como resultado do proceso anterior, a Oficina de Coordinación elaborará os seguintes documentos:

- *Lista de comprobación S1 (LC_S1)*: na que figuran as comprobacións relativas aos criterios e procedementos de selección de operacións e a norma nacional de subvencionabilidade, as relativas á inclusión das operacións no FEDER, as relativas á capacidade do beneficiario, etc.
- *Informe de Conformidade (IC)*: será o resultado da avaliación realizado e servirá de base para a proposta á Xunta de Goberno Local a partires da que se emitirá a resolución de selección da operación.
- *Documento no que se Establecen as Condicións da Axuda (DECA)*: que formará parte dos documentos a aportar á Autoridade de Xestión e que ten como destinatario/s final/is a/s unidade/s executora/s.

Resolución da selección da operación por parte da Xunta de Goberno Local

A partir do IC, a Xunta de Goberno Local emitirá resolución favorable ou desfavorable en relación coa selección das operacións propostas. O acordo de Xunta de Goberno será o que dea inicio ao trámite de aprobación da operación ante a Autoridade de Xestión (Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Función Pública).

Tramitación da aprobación da operación ante a Autoridade de Xestión

Unha vez adoptado o acordo de selección de cada operación por parte da Xunta de Goberno Local, a Oficina de Coordinación EDUSI procederá á tramitación telemática da aprobación da operación a través da aplicación Fondos 2020.

Mediante o proceso de tramitación telemática se xerará un documento que irá asinado electrónicamente no que se incluírán todos os datos relativos á operación.

Xunto a este documento, enviaranse aqueles outros (DECA, S1, etc.) que a Autoridade de Xestión estableza.

Unha vez revisada a información facilitada sobre a operación seleccionada, a Autoridade de Xestión procederá á aprobación electrónica da operación.

Envío do DECA ás Unidades Executoras

Unha vez confirmada a aprobación electrónica da operación por parte da Autoridade de Xestión a Oficina de Coordinación EDUSI fará entrega á unidade executora solicitante do DECA.

O envío do DECA efectuarase aos responsables técnicos da unidade/s executora/s por dous procedementos:

- Por correo electrónico.
- Por valixa interna.



Quedar  constancia do env o no correspondente rexistro interno de sa da da Oficina de Coordinaci n EDUSI.

A partir da recepci n do DECA, a unidade executora poder  iniciar a operaci n correspondente.

9. Obrigas dos beneficiarios en relaci n coa execuci n das operaci ns. O DECA.

O DECA establecer  as condici ns e as obrigas dos departamentos municipais en relaci n coa execuci n das operaci ns e ir  asinado tanto polo responsable do departamento como polo t cnico da Oficina de Coordinaci n EDUSI que elabore o Informe de Conformidade.

O DECA incluir  os seguintes contidos m nimos:

- Requisitos relativos aos produtos ou servizos que deben obterse coa operaci n.
- Plan financeiro da operaci n.
- Informaci n ao beneficiario de que a aceptaci n da axuda sup n declarar que ten capacidade financeira, administrativa e operativa para executar a operaci n.
- Calendario de execuci n da operaci n .
- Categor as de intervenci n  s que contrib e a operaci n.
- Custo total subvencionable e axuda p blica da operaci n.
- Sistema de contabilidade separado.
- Obrigas en materia de informaci n e comunicaci n.
- Obrigas en materia de custodia de documentos para facilitar a pista de auditor a.
- Condici ns para o intercambio electr nico de datos da operaci n.
- Aspectos relativos aos l mites de subvencionabilidade no caso de compra de terreos ou inmobles.
- Indicadores de produtividade e resultado e obriga de informar sobre os avances dos indicadores.
- Identificaci n do Obxectivo Espec fico, Actuaci n, Beneficiario e Organismo Intermedio ao que se refire a operaci n.

10. Financiamento das operaci ns seleccionadas. Axuda do FEDER.

As operaci ns que se executen ao amparo destas bases ser n cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Eixo 12 (Eixo Urbano) do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS).

A taxa de cofinanciamento ser  do 80% por parte do FEDER e do 20% por parte do Concello.



O límite á selección de operacións para ser cofinanciadas virá determinado polo importe asignado a cada Liña de Actuación segundo o que figuren no Plan de Implementación da EDUSI de Santiago de Compostela aprobado pola Autoridade de Xestión, que estea en vigor en cada momento.

11. Convocatoria

O prazo de convocatoria abrirase desde o día seguinte á aprobación das presentes bases pola Xunta de Goberno Local.

As bases publicaranse tanto na páxina web do Concello como na da propia EDUSI. Asimesmo, farase chegar aos diferentes departamentos un dossier de documentación informativo que incluíra as presentes bases, os formularios necesarios para a manifestación de expresións de interese e outra documentación necesaria relacionada coa solicitude e a execución de operacións.

O prazo de convocatoria permanecerá aberto permanentemente durante toda a vixencia do Programa Operativo, incluíndo os exercicios de aplicación da regra N+3, ou sexa o 31 de decembro de 2023.

En todo caso, só se admitirán expresións de interese ata esgotar os créditos orzamentarios dispoñibles para cada Liña de Actuación de acordo cos importes que figuren no Plan de Implementación da EDUSI de Santiago aprobado pola Autoridade de Xestión e que estea en vigor neste momento.

As expresións de interese avalíaranse seguindo a orde de entrada no rexistro interno da Oficina de Coordinación EDUSI. A temporalización na execución das operacións se determinará de acordo coa senda financeira prevista e que figure no DECA.